

BASES CONCURSO “AIRIÑOS DE ROCK & ROLL”

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os grupos compostos por mozos ou mozas galegos ou residentes en Galicia. Nos grupos musicais haberá, polo menos, dous membros menores de 30 anos. Os músicos menores de 18 anos deberán achegar a autorización paterna. Os músicos non poderán aparecer en máis dun grupo dos que participen no encontro.

CONDICIÓNS XERAIS

Os grupos que desexen participar deberán enviar un correo electrónico a encontrodemusicos@mundo-r.com. Este deberá incluír a seguinte información:

- a) Dous temas de creación propia en formato MP3, gravados polos compoñentes inscritos, que serán os que avaliará a comisión de selección, e unha duración máxima de 15 minutos en total.
- b) Fotografía recente do grupo (en formato JPG).
- c) Documento de *word* cos seguintes datos:
 - Títulos, letras escritas e autoría dos temas presentados, seguindo a orde presentada na gravación.
 - Relación nominal dos/as compoñentes do grupo, con indicación da idade e do instrumento que tocan.
 - Relación de contactos de cada membro do grupo (teléfonos e dirección dos distintos correos electrónicos).
 - Breve biografía do grupo.
 - Declaración responsable acreditativa de que o grupo dispón dun repertorio mínimo de 25 minutos.

INSCRICIÓNS

Os grupos que desexen participar deberán enviar un correo electrónico a encontrodemusicos@mundo-r.com.

O prazo de inscrición ábrese o 23 de febreiro e remata o día 23 de marzo de 2012.

DESENVOLVEMENTO

- Preselección mediante audición dos temas enviados, a través do xurado designado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que seleccionará ós grupos que accederán á fase de actuación en directo no encontro que se levará a cabo o día 12 de maio de 2012 no Coliseo da Coruña.

- Publicarase unha listaxe dos grupos seleccionados a partir do día 12 de abril na web www.xuventude.net, no apartado de **Airiños de rock&roll**.

- A actuación de cada unha das formacións seleccionadas para o encontro de grupos terá unha duración máxima duns 10 minutos aproximadamente, tocando dous únicos temas por banda.

- Á fase de concerto accederán grupos representativos de cada provincia, nun total de 16 grupos participantes que tocarán ese día 12 de maio na sala *O Túnel* (nos baixos do Coliseo).

- A organización do encontro facilitará, aos grupos que accedan á fase de concerto en directo, o *backline* (amplificadores de guitarra e baixo, e batería), equipo de son, escenario e equipo de iluminación. Non se farán probas de son de cada un dos grupos en particular, pois previamente á chegada dos grupos xa estarán probados os amplificadores, micrófonos e batería, tendo unha mestura xenérica dos envíos de monitores; simplemente farase un recoñecemento rápido nos 5 minutos previos á actuación de cada grupo.

-Por motivos de loxística non se admitirán, nas necesidades técnicas das formacións “set de percusión” nin poderán levar o seu propio técnico de son.

DISTINCIÓNS/PREMIOS

Ao remate do encontro, ás 22:00 horas, entre os grupos participantes elixiranse dous deles para actuar antes que **Leiva** na pista central do Coliseo.

A elección destes dous grupos farase mediante un sistema de votación entre os propios grupos participantes.

Haberá un xurado nomeado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que decidirá en caso de empate.

Ademais, todas as bandas participantes e asistentes ao encontro serán obsequiadas cun “Curso de inglés online de EF (www.ef.com)” e entre as 16 bandas finalistas tamén se sorteará unha viaxe de estudos de idiomas no estranxeiro nun destino EF a elixir pola banda.

Entre os asistentes ao encontro sortearanse 15 entradas para acudir ao concerto de **Lenny Kravitz**.

OUTROS

- A organización contratará autobuses de ida e volta para todos os grupos inscritos, que estarán obrigados a desprazarse neles desde as súas localidades ata o Coliseo da Coruña, con hora de regreso ao final do concerto. (Chegado o momento informarse aos grupos dos puntos de partida de cada autobús).

- Todas as formacións participantes deberán seguir en todo momento as instrucións da organización para o bo desenvolvemento dos concertos, respectando os tempos dos que disporá cada banda para a súa actuación, a risco de ser penalizados no caso de non respectar as indicacións do *stage manager*.

- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

- Ao final do encontro de músicos haberá unha *Master Class* impartida polo guitarrista **Pedro Andrea**.

Os grupos que se presenten e non sexan seleccionados, poderán facer a súa solicitude para acudir ao encontro e á *Master Class*, tendo dereito tamén a acceder a pista central do Coliseo para ver o concerto de **Leiva**, pero deberán viaxar nos buses dispostos pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e sabendo que estas invitacións conseguiranse ata cubrir prazas.

Poderán solicitar a súa asistencia enviando un correo electrónico á empresa de produción do evento copra@mundo-r.com, indicando o nome do grupo, lugar de procedencia, número de compoñentes que desexen asistir, cos seus nomes e números de teléfono móbil de cada un dos asistentes.